

## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DA CORUÑA DÍA DAS PERSOAS REFUXIADAS

Hoxe, con motivo do día das persoas refuxiadas, dende o Concello da Coruña queremos mostrar a nosa enérxica repulsa ao pacto feito entre a Unión Europea e Turquía. Trato que consolida o fracaso que está a supoñer a xestión desta crise na Unión Europea. A mesma que en setembro de 2015 acordou distribuír 120.000 persoas refuxiadas, das cales case 17.000 debían chegar ao Estado español. A finais deste mes só serán 200. Este fracaso é, en realidade, o dun modelo europeo de xestión migratoria baseado no peche de fronteiras, na represión, no control policial... A resposta á actual crise migratoria obedece á mesma lóxica seguida coas concertinas en Melilla ou a existencia dos CIEs. Propoñer que por cada persoa refuxiada siria que sexa devolta a Turquía desde Grecia se reasente a outra tamén siria na UE é inmoral e carece de fundamento xurídico sustentable. O que verdadeiramente implica esta medida é que cada praza de reasentamento na UE dependa de que outra persoa arrisque a vida embarcándose na mortal ruta por mar a Grecia. Esta problemática non ven só alimentada pola postura dos países fronteira, tamén pola inacción das administracións, como ven demostrando o ministerio de Asuntos Exteriores, adiando unha e outra vez unha sinxela sinatura para que, incluso nenos con enfermidades graves, como son Mudhafar e Ahmed, podan viaxar ao Estado Español a ser tratados, unha vez feitas, ademais, todas as xestións necesarias desde a cidade da Coruña (ong AIRE, Concello e CHUAC). É necesario que se cumpran os dereitos de todas as persoas, de todos os pobos. É necesario que deixen de desaparecer nenas e nenos, de romperse familias, de abusar de mulleres no tránsito, de desatender a persoas enfermas ou de non facilitar a estancia a xente con diversidade funcional... de asasinar milleiros de persoas nas augas dun mar que significaba a unión entre os pobos do Norte de África e o Sur de Europa. As súas guerras non nos representan. Demandamos aos estados e á Unión Europea que garanta unha Pasaxe Segura para as persoas que teñen que desprazarse polos motivos que sexan, non podemos ser cómplices de mais mortes nos mares nin nas viaxes a través

das fronteiras. Queremos ademais lembrar que, ademais das guerras, hai outros motivos polos que a xente se despraza do seu país: as persoas ven perigar a súa vida pola falta de liberdades, por ter ou non determinadas crenzas, pola orientación sexual, por protexer a súa integridade e tamén por cuestións económicas, para nós todas estas cuestións teñen o mesmo valor para considerar o acollemento nos nosos estados, nas nosas cidades. As portas da Coruña, así como as de outras moitas tanto no Estado Español como en outros países da Unión Europea, atópanse abertas para poder frear xa esta barbarie. A Coruña é unha cidade na que ningunha persoa é forasteira. Unha cidade refuxio.